



A sinodalidade. A arte de camiñar xuntas/os

Carme Soto Varela¹



O que o Señor nos pide, en certo sentido, xa está todo contido na palabra «Sínodo». Camiñar xuntos/as –laicos/as, pastores, Bispo de Roma– é un concepto fácil de expresar con palabras, pero non é tan doado poñelo en práctica. (Papa Francisco)

Inmersos e inmersas, como estamos, nun sínodo que ten como tema central a sinodalidade e que ademais quere ser un espazo no que non só participen os bispos do mundo senón todo o pobo de Deus, faise doado preguntar polo horizonte e significado que este acontecemento eclesial pode ter na nosa forma de vivir como cren-tes en Xesús dentro da Igrexa e na sociedade á que pertencemos.

Levamos xa tempo falando sobre o tema da sinodalidade en con-versas informais ou en grupos sinodais e cada vez imos atopando máis escritos sobre o seu significado e a súa importancia para a construción actual da Igrexa e a súa misión no mundo. Ademais, o papa Francisco vai impulsando cambios, que ás veces poden parecer nos insuficientes ou tímidos, pero que sen dúbida supoñen unha nova toma de conciencia da posibilidade de cambio na forma histórica da Igrexa e da súa propia autocomprensión cara a dentro e cara a fóra de si mesma.

1 Carme Soto Varela é Licenciada en Historia pola USC e Doutora en Teoloxía na especialidade de Sagrada Escritura pola U.P. Comillas. Forma parte da Asociación de Teólogas Españolas e da Asociación Bíblica Española. Ten colaborado en diversas publicacións das coleccións «Aletheia» de Verbo Divino e «Sofía», de PPC. Tamén é membro do Consello de Redacción das revistas *Encrucillada* e *Reseña Bíblica*.